XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPC001

# Lingua galega

Lingua galega

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba consta de dous textos e vinte cuestións, distribuídas deste xeito:
  - Texto 1: dez cuestións tipo test.
  - Texto 2: dez cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden entregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## Texto 1

**A primeira vez que se viu a luz eléctrica en Viveiro**

Moito antes de que se levasen a cabo as primeiras iniciativas empresariais relacionadas coa instalación da electricidade nas principais cidades e vilas galegas, os nosos antepasados puideron contemplar e visualizar, por vez primeira, os efectos máxicos que producía a luz eléctrica na profunda escuridade da noite do día 1 de marzo de 1870. O milagre, que superaba tan só por uns instantes os trémulos resplandores dos lumes das lareiras, dos candís, das lámpadas de aceite, dos quinqués e da iluminación pública producida polos vellos farois de gas ou petróleo, foi posible grazas á presenza na ría de Viveiro do iate francés Jérôme. O navío procedía de Boulogne-sur-Mer e fixo escala na praia de Covas por seguridade e mais para proverse de víveres antes de se dirixir a Toulon. Unha vez máis, semellaba que as novidades viñan sempre de París. Neste caso a luz eléctrica mesmo rivalizaba coa do astro rei, segundo contaba a crónica xornalística publicada, que tamén resaltaba a elegancia do iate a vapor e mais a galantería dos mariñeiros franceses:

«Antonte chegou á este porto o iate francés Jérôme, do príncipe Napoleón (...). A noite da súa chegada o aparello de luz eléctrica que trae o vapor iluminou a ría de Viveiro, atraendo á ponte que a cruza e aos balcóns das casas veciñas ao mar un gran número de curiosos que contemplaban con admiración a viva claridade, rival da do sol, que partindo do buque fondeado iluminaba o mar, as embarcacións e as casas, e se estendía ata as afastadas montañas. A profunda escuridade da noite dáballe maior realce. Pola súa banda os franceses distinguían perfectamente a multitude de curiosos que se xuntou para gozar do espectáculo. Algunhas bengalas disparadas desde a bordo puxeron fin á amenidade da escena e terminaron esta espontánea e galante demostración. Ao día seguinte varias persoas da vila foron visitar o buque. Visitaron as cámaras do príncipe e da princesa, a das damas de honra, o salón etc., admirando a fermosura e o bo gusto (...)».

Malia as grandes sensacións que deixou na memoria colectiva dos viveireses a visita do iate francés Jérôme, alén do cortés trato recibido dos seus tripulantes, aínda terían que pasar máis de dúas décadas para veren cumprido o soño da instalación da luz eléctrica en Viveiro. Esta chegaría por fin en 1897 da man da sociedade comanditaria Barro e Compañía.

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/viveiro/2020/07/24/cando-mar-deu-luz-viveiro/0003_202007X24C4991.htm]

### 1. Segundo o texto:

**A** Un iate de Napoleón fondeou na ría de Viveiro, iluminando a ría coa luz eléctrica.

**B** Un barco de Boulogne apoutou na enseada de Toulon, agardando unha nova travesía.

**C** Un navío de Jérôme ancorou no peirao de Covas, atraendo multitudes para visitalo de noite.

### 2. Cal é a afirmación **incorrecta**?

**A** Após a escala do iate aínda pasaron máis de vinte anos ata a chegada da luz eléctrica á vila.

**B** Alén de vituallas o navío aprovisionouse de quinqués, lámpadas e candís para a singradura.

**C** Amais de iluminar o mar, a claridade do alumeamento eléctrico alcanzaba as distantes montañas.

**3.** Cal destas afirmacións **NON** aparece no texto?

**A** O capitán e os oficiais da Mariña francesa desembarcaron en Viveiro para faceren unha ofrenda floral ao escritor Nicomedes Pastor Díaz no monumento situado na Praza Maior da vila.

**B** Os mariñeiros franceses observaban desde o iate a gran cantidade de xente que se reuniu na costa de Covas en Viveiro para desfrutar da iluminación da ría coa luz eléctrica do barco fondeado.

**C** Os veciños de Viveiro que o desexaron puideron visitar o interior do navío para así poderen contemplar os dormitorios dos aristócratas e dos serventes que traballaban a bordo do iate.

**4.** No enunciado "os trémulos resplandores dos lumes das lareiras" (liña 5), a palabra *trémulo* significa:

**A** Que inspira un gran terror e que fai a xente tremer.

**B** Que se move con sacudidas rápidas e de pouca amplitude.

**C** Que brilla de maneira intermitente e con intensidade variable.

**5.** Segundo o texto, a luz eléctrica chegou a Viveiro:

**A** A raíz da remodelación da vila que fixo o concello a finais do século XVIII.

**B** A través dunha empresa que instalou farois a comezos do século XX.

**C** A bordo dun barco que fixo escala nunha praia da ría a finais do século XIX.

**6.** No enunciado "do cortés trato recibido dos seus tripulantes" (liña 25), a palabra *cortés* significa:

**A** Que non presta atención ou non pon interese en algo.

**B** Que vive na corte dos reis ou é servidor da aristocracia do reino.

**C** Que manifesta boa educación, delicadeza e respecto no trato social.

**7.** Cal é a serie de palabras que conteñen só vogais tónicas abertas?

**A** Pega (verbo pegar), fóra (no exterior), besta (arma), toca (verbo tocar), présa (rapidez).

**B** Abella (insecto), podo (verbo podar), pega (paxaro), mes (parte do ano), besta (animal).

**C** Presa (prendida), fora (verbo ir), rodo (utensilio), toca (mutilada), choro (pranto).

**8.** Cal é o enunciado que contén dous pronomes relativos?

**A** O grupo vai facer o exame, dado que xa remataron os temas, porque se acerca a avaliación.

**B** O concello construíu un xardín público que dá xenio velo, o cal é bastante raro nesta cidade.

**C** O profesor comentou que todos teñen os mesmos dereitos, aínda que a algúns non llelo pareza.

## 9. Cal é o tempo verbal correctamente conxugado?

**A** Andiven, andiveches, andivo, andivemos, andivestes, andiveron.

**B** Sonreía, sonreías, sonreía, sonreíamos, sonreíades, sonreían.

**C** Batería, baterías, batería, bateriamos, bateriades, baterían.

## 10. Cal é o enunciado que contén usos **incorrectos** por interferencia do castelán?

**A** Aquela noite non eran eles quen andaban de troula polos rueiros da cidade.

**B** Eu non me creo que ti te lavases as mans antes de beberte o refresco no bar.

**C** A sentenza, cuxa publicación se demorou un ano, non deu a razón á empresa.

## Texto 2

### Galiza e Norte únense en programa de viaxes

Son 12 episodios "Sen fronteiras", para estrear na RTP e na TVG: pártese ao descubrimento conxunto do Norte de Portugal e de Galicia. Dun lado, Beatriz Gosta, do outro, o presentador galego Javier Varela. O programa é unha alianza ibérica que explota os dous territorios: "É a procura dunha portuguesa e dun galego, que trocan os seus países de orixe" en busca "do que os une e do que os separa", explica José Amaral, director da produtora SPi. A estrea prevese na RTP e na TVG en 2021.

No título do programa está a idea das diferenzas e semellanzas entre as terras, incluso tendo como punto de partida a fonética: Baião, Baiona; Vale de Cambra, Cambre; Riba de Ave, Ribadavia; Gerês, Xurês; e outros. "O Norte de Portugal e Galicia teñen unha forte conexión. Nunca se entendeu ata hoxe como comezou un e acabou outro", engade José Amaral. Quen dá a coñecer as terras lusitanas é o presentador galego Javier Varela.

Alén das aventuras típicas de calquera viaxe, ricas en "cultura, monumentos, historia, costumes, festas, comida, todo", Beatriz Gosta sente que o programa vai permitir a reflexión acerca da cuestión da descentralización: "Descentralizar é importantísimo, porque os centros urbanos están superdesenvolvidos e teñen os financiamentos todos, e o resto é esquecido e acaba por ficar abandonado e cunha poboación envellecida", explica.

Profesionalmente, esta está a ser unha experiencia "enriquecedora a todos os niveis" para a presentadora. "Primeiro, a nivel cultural, e despois é un desafío distinto daquilo que acostumo facer." Beatriz asume o papel da transmisión de información cun "toque de lixeireza, para non ser demasiado contido de forma densa". A pesar de non faltar na produción o seu toque de humor, cóntanos que este proxecto permite maior versatilidade.

Contadora de historias por excelencia, xa recolleu algunhas peripecias das dúas semanas de gravacións (...). Tamén os horarios causan estrañeza e os propios menús xa se tornan repetidos: "O máis cedo que se consegue cea aquí é ás 21 h ou 21:30 h, e para quen ten que acordar cedo para gravar... E hai diferenzas culturais divertidas, como comeren o primeiro prato e o segundo prato. E en todos os lados hai flan e tortillas", conta Beatriz. Ata na hora de durmir a cousa se torna complicada: é que aínda se usan "aquelas almofadas colectivas, tipo traveseiro en salchicha para dúas persoas. É un pouco incómodo; non estou habituada".

Para Beatriz, o regreso ao traballo despois dos meses de confinamento foi un privilexio. "Volver á estrada, con todos os coidados, está a ser moi bo. Son privilexiada, porque este programa acabou por non caer. Aínda temos que nos habituar, mais eu estou a queixarme coa barriga chea: hai moita xente sen traballo".

José Amaral cre que, coa pandemia, "o programa non podía ser máis actual", aínda que xa estivese planeado antes da covid-19. "É importante potenciar a proximidade da rexión. Non precisamos estar tan lonxe para ir para fóra", engade.

[https://www.publico.pt/2020/08/05/fugas/noticia/galiza-norte-unemse-programa-viagens-beatriz-gosta-guia-1926920]

**11.** Segundo o texto, o programa "Sen fronteiras" (liña 1):

**A** Vai poñer en contacto a poboación galega e a portuguesa das beiras do río Miño a través da cooperación transfronteiriza da Unión Europea.

**B** Fai que a TVG e a RTP inicien un proceso de colaboración a nivel ibérico para trocaren experiencias audiovisuais en Portugal.

**C** Ten un presentador galego que describe Portugal e unha presentadora portuguesa que describe a Galiza.

**12.** Segundo o texto, Beatriz Gosta:

**A** Considérase privilexiada por traballar, explica os lugares portugueses aos galegos, admira a cultura popular lusitana e potencia o aveciñamento entre as xentes do norte e do sur.

**B** Sorpréndese co horario das comidas, dá a coñecer as terras galegas aos portugueses, descobre diferenzas culturais entre os dous pobos e valora a descentralización de xeito positivo.

**C** Asómbrase coas almofadas para varias persoas, describe as paisaxes portuguesas do norte, sente admiración pola comida galega tradicional e defende a centralización do financiamento.

**13.** No texto, a palabra "versatilidade" (liña 21) significa "calidade da":

**A** Cousa que ten utilidade variada, que pode cumprir ou adaptarse a diferentes funcións.

**B** Cuestión susceptible de ser verdadeira, que pode acomodarse a diversas situacións fidedignas.

**C** Actividade que non dá froito, que non produce nada e carece de capacidade para crear.

**14.** No texto, a palabra "peripecia" (liña 22) significa:

**A** Suceso súbito e imprevisto que fai cambiar unha determinada situación.

**B** Relación sentimental pasaxeira e sen compromiso de continuidade.

**C** Feito que carece de relevancia, mais é curioso, interesante ou descoñecido.

**15.** Segundo o texto, o título "Sen fronteiras":

**A** Incide na harmonía e na congruencia entre dúas terras situadas ao norte e ao sur da raia e pon a énfase na liña imaxinaria que separa e delimita estes dous territorios veciños.

**B** Subliña as diferenzas e as disparidades entre dúas rexións ibéricas fronteirizas e alude á peculiar idiosincrasia dos galegos e dos portugueses que habitan eses espazos xeográficos.

**C** Recolle a idea da similitude e da desemellanza entre dous países e dá nome a un programa que reúne dúas persoas que andan á procura do que os afasta e mais do que os xunta.

**16.** Cal é o enunciado que contén usos **incorrectos** por interferencia do castelán?

**A** Como teño falado diso con ela moitas veces, non teño que me preocupar dese asunto.

**B** Se eu houbese sabido que chegaríades tan tarde, non habería feito a cena tan temprano.

**C** Breixo leva facendo que traballa moito tempo, porque di que non dá atopado o seu oficio.

**17.** O enunciado "Pinteime os labios":

**A** É correcto, porque para a reciprocidade se usan os pronomes do mesmo xeito que na reflexividade.

**B** É ambiguo, porque pode entenderse de varios modos e ser motivo de dúbida, incerteza ou confusión.

**C** É incorrecto, porque neste caso non se expresa o pronome reflexivo cando é un obxecto indirecto.

**18.** Cal é a serie de palabras correcta?

**A** Sarabullo, cedo, gorentoso, lapis, bieiteiro, chuvasco.

**B** Desaiuno, purín, urbán, postre, nogal, sarpullido.

**C** Chubasco, pulpo, disfrute, sarao, naranxo, temprán.

**19.** Cal destes usos do pronome persoal átono **NON** é correcto?

**A** Se subvencionarán aquelas propostas que desenvolvan usos complementarios vinculados directamente coa actividade portuaria.

**B** Esta é a orde pola que se regulan os dereitos do alumnado e se establece o procedemento de reclamación.

**C** Ao finalizar o curso entregarase ás persoas participantes un certificado de asistencia en que conste o número de horas de formación.

**20.** Cal é o tempo verbal correctamente conxugado?

**A** Tuso, tuses, tuse, tusimos, tusides, tusen.

**B** Subo, sobes, sobe, subimos, subides, soben.

**C** Agredo, agredes, agrede, agredimos, agredides, agreden.

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | X | | |
| 3 | X | | | |
| 4 | | X | | |
| 5 | | | X | |
| 6 | | | X | |
| 7 | X | | | |
| 8 | | X | | |
| 9 | | | X | |
| 10 | | X | | |
| 11 | | | X | |
| 12 | | X | | |
| 13 | X | | | |
| 14 | X | | | |
| 15 | | | X | |
| 16 | | X | | |
| 17 | | | X | |
| 18 | X | | | |
| 19 | X | | | |
| 20 | | X | | |

| | |
|---|---|
| N.º de respostas correctas (C) | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**